

UNIDADE 8. Os rostros da violencia machista: cara unha sociedade sen violencia

PROXECTO: A ATENCIÓN ÁS VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO

En Galiza contamos cun protocolo de atención a vítimas de violencia de xénero. A súa finalidade é coordinar a tarefa dos diferentes organismos que traballan na prevención, asesoramento e loita contra a violencia machista.

Os ámbitos desde os que se actúa en materia de violencia de xénero son:

- Educativo: profesorado, orientador/a, dirección dos centros de ensino...
- Sanitario: centros de atención primaria, servizos de urxencias...
- As forzas e corpos de seguridade: policía, garda civil, etc.
- Xudicial: avogadas/os, fiscais, xuízas e xuíces...
- Social: servizos sociais municipais, Centros de Información á Muller, centros de acollida...

Cada grupo debe poñerse en contacto cunha persoa que traballe no ámbito da súa escolla. A persoa acudirá ao centro a falar sobre a súa experiencia diaria na loita contra a violencia de xénero.

1. Xuntade grupos de 4 ou 5 persoas. Elixide un dos ámbitos mencionados anteriormente.

SE TE TRATA MAL, MALTRÁTATE.

Podemos axudarche a superar o teu medo.
Teléfono de información ás mulleres: 900 400 273

25 de Novembro
Día Internacional
para a eliminación
da violencia de xénero

XACOBEO 2010
UNIÓN EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"
XUNTA DE GALICIA

Campaña da Xunta polo 25/X/2010, Día internacional para a eliminación da violencia contra a muller

2. Investigade que medidas de atención ás vítimas se levan a cabo no ámbito escollido. Facede un cadro que as sinteticice. Pódevos ser útil a [guía de actuacións](#) ou o [protocolo de atención a vítimas](#) elaborados pola Xunta de Galicia para coordinar a actuación das/os profesionais implicadas/os.
3. Como grupo, debes presentar á/ao profesional que convidastes explicando a súa labor en materia de violencia de xénero. Para a presentación usaredes a información do cadro resumo. Así mesmo, preparade unha batería de preguntas para realizarlle en caso de que os resto e compañeiros e compañeiras non se lles ocorra ningunha.

Igualdade de Xénero. Unidade 8. Proxecto: A atención ás vítimas de violencia de xénero

4. A finalidade da actividade é coñecer o traballo que, en materia de violencia de xénero, se realiza desde as institucións. Ao tempo, preténdese aumentar o coñecemento que toda a comunidade educativa ten sobre o maltrato cara ás mulleres. Por iso, valorarase a difusión do proxecto entre o alumnado, profesorado e familias. A tal fin, poderíades:
 - a) Editar folletos sobre a actividade, cos datos básicos sobre as/os convidadas/os e as principais conclusións das vosas informacións. Eses folletos poden subirse a repositorios en rede, como [Scribd](#) ou [Issuu](#).
 - b) Escribir crónicas xornalísticas sobre os momentos máis relevantes da actividade. Estas pezas poden integrarse nunha revista escolar, que tamén se poden crear con [Scribd](#), [Issuu](#) ou calquera ferramenta de edición de revistas dixitais.
 - c) Realizar montaxes fotográficas ou adiovisuais que recollan os momentos máis relevantes da actividade.
5. Os criterios de avaliación serán os seguintes:
 - a) Contido do traballo e calidade da información recollida no cadro de resumo: 2 puntos.
 - b) Calidade da presentación da/do profesional, da batería de preguntas elaborada e da capacidade para conducir o diálogo posterior á intervención da/do profesional: 2 puntos.
 - c) Calidade do material (folletos, crónicas, montaxes audiovisuais e fotográficas, etc) elaborado como conclusión da actividade: 2 puntos.
 - d) Impacto sobre a comunidade educativa: 2 puntos.
 - e) Capacidade de traballo en equipo: 2 puntos.